



Anteproxecto de Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

Índice

CAPÍTULO I	3
Disposicións xerais	3
Artigo 1. <i>Obxecto</i>	3
Artigo 2. <i>Ámbito de aplicación</i>	4
Artigo 3. <i>Duración do curso académico</i>	4
CAPÍTULO II	4
Inicio de curso	4
Artigo 4. <i>Actividades de inicio de curso</i>	4
CAPÍTULO III	5
Desenvolvemento do curso	6
Artigo 5. <i>Calendario das actividades lectivas</i>	6
Artigo 6. <i>Vacacións escolares</i>	6
Artigo 7. <i>Días non lectivos</i>	6
Artigo 8. <i>Conmemoracións</i>	7
Artigo 9. <i>Sesión de avaliación inicial</i>	7
Artigo 10. <i>Servizos complementarios</i>	7
CAPÍTULO IV	8
Final de curso	8
Artigo 11. <i>Sesións de avaliación final</i>	8
Artigo 11. <i>Probas finais</i>	8
Artigo 12. <i>Horario do profesorado</i>	9
Artigo 13. <i>Atención ás reclamacións contra as cualificacións ou decisións de promoción ou titulación</i>	10
Artigo 14. <i>Actas de avaliación final</i>	10
Disposicións	10
Disposición adicional primeira. <i>Modificación do calendario escolar e comedores escolares</i>	10
Disposición adicional segunda. <i>Prórroga da xornada matinal</i>	10
Disposición derradeira primeira. <i>Desenvolvemento e execución</i>	11
Disposición derradeira segunda. <i>Entrada en vigor</i>	11
ANEXO I	12
Conmemoracións	12
ANEXO II	13
Resumo do calendario de actividades de xuño. Curso 2023-2024	13
ANEXO III	14
Resumo do calendario de actividades de xuño. Curso 2023-2024	14



ANEXO IV.....	15
Resumo do calendario de actividades de xuño. Curso 2023-2024.....	15

Borrador



A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina na disposición adicional quinta que o calendario escolar, que fixarán anualmente as administracións educativas, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para o ensino obrigatorio.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece na disposición adicional quinta que no cómputo do calendario escolar incluíranse os días dedicados ás avaliacións de diagnóstico de cuarto curso. O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece na disposición adicional sétima que no cómputo do calendario escolar incluíranse os días dedicados ás avaliacións de diagnóstico de segundo curso.

Polo tanto, é preciso fixar o calendario escolar e as actividades de inicio e de fin de curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2023-2024.

En relación aos principios de boa regulación, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a presente orde adecúase aos mesmos. De acordo co principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para cumprir co seu obxecto, ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Conforme ao principio de seguridade xurídica resulta coherente co ordenamento xurídico xa que é preciso abordar esta regulación para establecer as datas de inicio e final do curso 2023-2024 así como os períodos lectivos, os non lectivos e as vacacións escolares e concretar as actividades e calendario do curso 2023-2024.

En consecuencia, tendo en conta que as funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado son competencia da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e co obxecto de fixar o calendario escolar e as actividades de fin de curso para o curso 2023-2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

ACORDO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*



Esta orde ten por obxecto establecer o calendario escolar para o curso 2023-2024.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta orde é de aplicación en todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.

Artigo 3. *Duración do curso académico*

O curso académico abranguerá desde o día 1 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2024.

CAPÍTULO II

Inicio de curso

Artigo 4. *Actividades de inicio de curso*

1. Desde o día 1 de setembro de 2023 ata o inicio das actividades lectivas, o profesorado dos centros docentes públicos, ben individualmente ben formando parte dos órganos de coordinación didáctica correspondentes, baixo a dirección das persoas responsables, colaborará na adaptación da programación xeral anual e na revisión dos proxectos educativos e das concrecións dos currículos, participará nas reunións de ciclos, departamentos, claustros e naquelas outras actividades relacionadas coa organización do curso que sexan da súa competencia. Neste período, o profesorado, baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do profesorado titor que corresponda, dedicarse a adaptar e, de ser o caso, elaborar, a programación didáctica das áreas, materias, ámbitos ou módulos das ensinanzas correspondentes considerando as propostas de mellora recollidas nas memorias de final de curso e a organizar o curso escolar. A xefatura de estudos velará polo cumprimento destas actividades de inicio de curso.

2. Antes do inicio das actividades lectivas, o profesorado responsable de cada departamento, da coordinación de ciclo e a titora ou o titor de curso fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos. A dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa, antes do día 20 de setembro.

Nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato deberá utilizarse para a elaboración e o seguimento das programacións das áreas, materias ou ámbitos, a aplicación informática de programacións Proens. A dita aplicación informática tamén se utilizará para a entrega, supervisión e comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da



Inspección educativa. No caso das programacións didácticas de segundo, cuarto e sexto cursos de educación primaria, de segundo e cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria e de segundo curso do bacharelato, a Inspección educativa poderá flexibilizar os prazos a que se refire o parágrafo anterior de acordo coas instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Así mesmo, nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de formación profesional deberá utilizarse para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a aplicación informática de programacións de formación profesional. A dita aplicación informática tamén se utilizará para a entrega, supervisión e comprobación por parte das xefaturas de departamento, das direccións destes centros e da Inspección educativa. No caso das programacións dos ámbitos de Comunicación e Ciencias Sociais e de Ciencias Aplicadas do segundo curso dos ciclos formativos de grao básico, a Inspección educativa poderá flexibilizar os prazos a que se refire o primeiro parágrafo deste punto de acordo coas instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

3. Nos primeiros días de actividade lectiva cada equipo docente, departamento didáctico ou as persoas responsables dos centros privados concertados, e conforme ao procedemento establecido no centro, informarán o alumnado e, de ser o caso, as súas respectivas familias ou representantes legais sobre os aspectos da programación didácticas das diferentes áreas, materias, ámbitos ou módulos, incluídas as materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, de ser o caso, informarase dos criterios de promoción e titulación.

4. Os centros docentes, baixo a responsabilidade da dirección dos mesmos, deberán facer públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Para estes efectos seguirase o procedemento establecido nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia, que con carácter xeral, contemplará a publicación das programacións na páxina web do centro, sen prexuízo doutros posibles medios de difusión.

5. Os centros docentes que impartan a etapa de educación infantil poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa, que non se prolongará máis alá do día 15 de setembro de 2023. Para a planificación desta incorporación gradual, os centros docentes terán en conta a escolarización previa do alumnado, a existencia de irmás ou irmáns matriculados no centro así como as necesidades familiares, garantindo, en todo caso, a atención a tempo completo do alumnado cuxas familias ou representantes legais así o soliciten. As medidas organizativas e pedagóxicas adoptadas para este período deberán ser aprobadas polo claustro de profesorado e incluídas na programación xeral anual.

CAPÍTULO III



Desenvolvemento do curso

Artigo 5. *Calendario das actividades lectivas*

1. As actividades lectivas nas ensinanzas de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de formación profesional realizaranse desde o día 8 de setembro de 2023 ata o 20 de xuño de 2024, ambos inclusive.

Non obstante o anterior, para o segundo curso de bacharelato a impartición efectiva das clases rematará de acordo coas datas previstas para a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (en adiante, ABAU).

2. As actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial realizaranse desde o día 8 de setembro de 2023 ata o 28 de xuño de 2024, ambos inclusive, de acordo cos calendarios de probas de acceso e probas de certificación establecidos para cada unha delas.

Artigo 6. *Vacacións escolares*

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2023-2024 serán os seguintes:

- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 5 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.
- Entroido: os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.
- Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o día 1 de abril de 2024, ambos inclusive.

Artigo 7. *Días non lectivos*

1. Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da devandita consellería.

2. Nos centros en que unha ou as dúas festas laborais de carácter local a que se refire o punto anterior non coincidan con días lectivos, os consellos escolares, os consellos sociais ou, na súa falta, os responsables dos centros de menos de tres unidades poderán solicitar, segundo proceda, un ou dous días non lectivos, que deberán preverse na programación xeral anual do centro, argumentando razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica. Esta petición deberá facerse antes do día 20 de outubro de 2023 perante a xefatura territorial correspondente, que, logo de informe da Inspección educativa e dos que coide oportunos, resolverá o que proceda.



É recomendable que os centros da mesma localidade elixan, de ser o caso, os mesmos días non lectivos, para o cal se buscará o consenso entre todos os centros para a súa selección.

3. Ademais dos anteriores establécese o Día do Ensino coa consideración de non lectivo e que no curso 2023-2024 se celebrará o 7 de decembro de 2023.

Artigo 8. *Conmemoracións*

1. Os centros docentes poderán organizar actividades de interese no seu proxecto educativo e funcional co obxecto de promover ou celebrar conmemoracións que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou medioambiental.

2. Así, os centros docentes poderán celebrar as conmemoracións que establezan na súa programación xeral anual, tendo en conta, de ser o caso, os criterios sobre a incorporación de elementos transversais e sobre o deseño das actividades complementarias recollidos na concreción curricular. Para estes efectos, as conmemoracións indicadas no anexo I terán carácter orientativo.

Artigo 9. *Sesión de avaliación inicial*

A data límite para a realización da sesión de avaliación inicial na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato e na formación profesional será o 18 de outubro de 2023.

Artigo 10. *Sesións de avaliación parciais*

1. Os centros docentes, facendo uso da súa autonomía, concretarán as datas das tres sesións de avaliación parcial procurando un reparto equilibrado na duración dos tres períodos e tendo en conta que a derradeira destas sesións pode coincidir coa data da avaliación final na educación secundaria obrigatoria e coa data da avaliación final ordinaria no bacharelato.

2. Aqueles centros docentes que decidan establecer datas diferentes para a terceira avaliación parcial e para a final ou a final ordinaria, deberán respectar os seguintes criterios:

a) A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 13 de xuño de 2024.

b) A sesión da terceira avaliación parcial do primeiro curso do bacharelato e a sesión da terceira avaliación parcial do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico deberán realizarse a partir do día 10 de xuño de 2024.

Artigo 10. *Servizos complementarios*

1. Aqueles centros que combinen o servizo de transporte escolar con outros centros deberán establecer, coa autorización da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, un horario que, coas adaptacións necesarias, lles



permita garantir o axuste e a perfecta coordinación dos centros con este servizo. Estes centros comunicaranlle á xefatura territorial a proposta de horario escolar para o curso 2023-2024, que deberá resolver antes do inicio das actividades lectivas.

2. Os comedores escolares dos centros públicos funcionarán desde o día 8 de setembro de 2023 ata o 20 de xuño de 2024, ambos inclusive.

CAPÍTULO IV

Final de curso

Artigo 11. *Sesións de avaliación final*

1. Os centros docentes, facendo uso da súa autonomía, concretarán as datas das sesións de avaliación final, ou de ser o caso, de avaliación final ordinaria e final extraordinaria respectando os seguintes criterios:

a) A sesión de avaliación final ordinaria do primeiro curso de bacharelato e a sesión de avaliación final ordinaria do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico deberán realizarse a partir do 10 de xuño de 2024.

b) A sesión de avaliación final ordinaria e de avaliación final extraordinaria do alumnado de segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a ABAU.

c) A sesión de avaliación final da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria, do segundo curso dos ciclos formativos de formación profesional básica e dos ciclos formativos da formación profesional, así como a sesión de avaliación final extraordinaria de primeiro curso de bacharelato e do primeiro ciclo dos ciclos formativos de grao básico deberán realizarse a partir do día 21 de xuño de 2024.

2. Para as sesións de avaliación final do alumnado das ensinanzas de réxime especial, a dirección do centro deberá propor antes do día 30 de abril de 2024, conforme os anexos II, III e IV, as datas correspondentes á xefatura territorial que corresponda, para a súa autorización.

Artigo 11. *Probas finais*

1. O alumnado de segundo de bacharelato con materias pendentes do primeiro curso será convocado, de ser o caso, a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU.

2. As probas finais da convocatoria extraordinaria para o primeiro curso de bacharelato e o primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico realizaranse entre o 18 e o 20 de xuño de 2024.



3. As probas finais da convocatoria extraordinaria para o segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a ABAU.

4. Naqueles centros que prevexan a realización de probas nas ensinanzas de réxime especial, a dirección do centro deberá propor as datas correspondentes á xefatura territorial que corresponda, para a súa autorización, conforme os referidos anexos II, III e IV.

Artigo 12. *Horario do profesorado*

1. O alumnado ten o dereito e a obriga de asistir ás clases ata o 20 de xuño inclusive e o profesorado debe cumprir as súas funcións e o seu horario e darlle a debida atención educativa.

2. As direccións dos centros quedan autorizadas para introducir as modificacións oportunas nos horarios do profesorado do segundo curso de bacharelato e de formación profesional, que se vexa afectado pola realización do módulo de formación en centros de traballo, nas horas en que deixe de impartir as materias ou os módulos da súa competencia a partir da sesión de avaliación que corresponda, así como nos horarios do profesorado do primeiro curso de bacharelato a partir do día 10 de xuño de 2024 e de educación secundaria obrigatoria, nos casos en que a terceira avaliación parcial non coincida coa avaliación final, a partir do día 13 de xuño de 2024, asignando tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias, ámbitos ou módulos con partes sen superar e, de ser o caso, de preparación da ABAU e das probas extraordinarias, de xeito que o profesorado desenvolverá en todo momento e ata a finalización das actividades lectivas o horario que lle corresponde conforme a normativa vixente.

2. O período comprendido entre o día 21 de xuño e o 28 de xuño de 2024, ambos inclusive, será dedicado polo profesorado, entre outras actividades, a elaborar as actas de avaliación, os informes individualizados, os consellos orientadores, os informes para as familias e os documentos de avaliación que correspondan, a entrega de cualificacións, a atención a reclamacións e cantas outras actividades estean relacionadas co final de curso. Todo o profesorado dos centros públicos permanecerá no centro ata o día 28 de xuño de 2024, inclusive. Nese período de tempo, a dirección adaptará o horario do profesorado de acordo coas actividades programadas.

3. Durante o mes de xuño, as direccións dos centros públicos de ensinanzas de réxime especial poderán adaptar os horarios do profesorado ás necesidades específicas de cada centro.

4. Durante o curso académico, nos centros pertencentes á Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o horario do profesorado adaptárase ás necesidades que permitan cumprir coas actividades formativas e accións establecidas para cada área funcional e/ou departamento segundo o plan anual.



5. A adaptación do horario do profesorado non poderá supor variación do número global de horas semanais de permanencia no centro previsto no horario lectivo de cada profesora ou profesor.

Artigo 13. Atención ás reclamacións contra as cualificacións ou decisións de promoción ou titulación

As direccións dos centros deben garantir a atención ás reclamacións contra as cualificacións finais ou decisións de promoción ou titulación de conformidade co procedemento e prazos establecidos na normativa vixente de cada etapa educativa.

Artigo 14. Actas de avaliación final

As secretarías dos centros deberán archivar e ter a disposición do Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente as actas de avaliación final de todos os cursos do seu centro e dos centros privados adscritos, de ser o caso, desde o día 17 de xullo de 2024.

Artigo 15. Memorias de fin de curso

O equipo directivo e o profesorado dedicará especial atención á análise e valoración de resultados da avaliación do rendemento académico do alumnado, que deberá incluírse na memoria final de curso coas propostas de mellora que correspondan. Así mesmo, esta memoria incorporará propostas de modificación ás programacións didácticas, sobre estratexias metodolóxicas e criterios de cualificación, promoción e titulación.

As direccións dos centros educativos enviarán ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente, antes do 10 de xullo de 2024, a memoria anual do centro.

Disposicións

Disposición adicional primeira. Modificación do calendario escolar e comedores escolares

1. As xefaturas territoriais, por circunstancias concretas de organización, poderán autorizar a modificación das datas de comezo e remate das actividades lectivas e de funcionamento dos comedores escolares.

2. Calquera modificación que se precise facer no calendario escolar deberá ser solicitada, polo menos con quince días de antelación, polo centro interesado á xefatura territorial correspondente que, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa e dos que considere oportunos, resolverá o que proceda.

Disposición adicional segunda. Prórroga da xornada matinal



A xornada matinal nos centros que a tivesen concedida pola xefatura territorial para os meses de xuño e setembro do ano académico 2022-2023 considérase prorrogada para o curso 2023-2024 nos mesmos termos, sempre que non variasen as circunstancias en que foi concedida.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e execución*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, __ de de 2023

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



ANEXO I

Conmemoracións

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.



ANEXO II

Resumo do calendario de actividades de xuño. Curso 2023-2024

A/O directora/director da Escola de Arte e Superior de Deseño / Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais pon no seu coñecemento que o calendario de actividades docentes programadas para o final de curso, aprobado polo claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas das sesións de avaliación final serán do ao

....., de de 2024

A/O directora/director,

Asdo.:

Servizo Territorial de Inspección Educativa



ANEXO III

Resumo do calendario de actividades de xuño. Curso 2023-2024

A/O directora/director da Escola Oficial de Idiomas
pon no seu coñecemento que o calendario de actividades docentes programadas para o final de
curso, aprobado polo claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas das probas da convocatoria ordinaria de xuño serán do ao

....., de de 2024

A/O directora/director,

Asdo.:

Servizo Territorial de Inspección Educativa



ANEXO IV

Resumo do calendario de actividades de xuño. Curso 2023-2024

A/O directora/director do Conservatorio de Música / Conservatorio de Danza pon no seu coñecemento que o calendario de actividades docentes programadas para o final de curso, aprobado polo claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas da avaliación conxunta do alumnado serán do ao
As probas de acceso realizaranse do ao

....., de de 2024

O/a director/a,

Asdo.:

Servizo Territorial de Inspección Educativa